

## Rosalía, Curros, Pondal: literatura e colonización

### Anxo Tarrío Varela

#### Formas de citación recomendadas

##### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

TARRÍO VARELA, ANXO (2012 [1986]). “Rosalía, Curros, Pondal: literatura e colonización”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 395-401. Reedición en *poesia-galega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2331>>.

##### 2 | Por referencia á publicación orixinal

TARRÍO VARELA, ANXO (1986). “Rosalía, Curros, Pondal: literatura e colonización”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 395-401.

\* Edición dispoñíbel en pdf desde o 19 de outubro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este textos en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## ROSALÍA, CURROS, PONDAL: LITERATURA E COLONIZACIÓN

ANXO TARRÍO VARELA

Universidade de Santiago

Quero, antes de nada, axusta-lo alcance que pretendo darlle ó título da miña comunicación, para non inducir a trabucamentos ou espreitas inútiles. Está abondo claro que a amplitude que o tema require non é para expoñer nun tempo tan cativo como do que aquí dispoñemos. Pero é que tampouco tento de resolver definitivamente nada nin, xa que logo, de ser exhaustivo. Todo polo contrario: ó xeito de ir eu realizando novas lecturas, as ideas vánseme facendo máis esvaídas e complexas, síntoma de que camiñamos por vieiros axeitados. Máis ca outra cousa, trátase soamente de plantexar un problema e de abrir unha canle de investigación que a min antóllaseme chea de posibles bos achádegos e, dende logo, de puntos de vista novos dende os que contemplar non só a produción literaria dos autores que encabezan este pequeno traballo senón tamén boa parte da literatura galega, en xeral, e aínda a daqueles autores, galegos de nación, que se expresaron en español (1). Trátase,

---

(1) Na primeira páxina da súa *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Ricardo Carballo Calero pronúnciase rotundamente a favor do criterio lingüístico á hora de delimita-lo ámbito que debe abranguer unha literatura nacional: "Concibo nesta obra a historia da literatura galega como a exposición das realizacións e do desenvolvemento da fala galega no orde literario. (...) Tecnicamente é o idioma empregado o que caracteriza ás distintas literaturas. (...) Seguimos un criterio, pois, filolóxico, que nos parece o máis científico, xa que o idioma é o estormento da literatura" (V. *op. cit.*, Ed. Galaxia, Vigo, 1981, 3ª edición, p. 11). Certamente, semella razoable e obvia esta postura, cando menos polo que atinxe ás literaturas europeas. Pero non é esta a opinión de quen ten que defende-la existencia de literaturas nacionais en outras latitudes. Unha simple ollada ós estudos, críticas e ensaios daqueles que se adican a observar, por exemplo, as literaturas africanas de expresión francesa, inglesa ou portuguesa, introduce de súpeto unha incertidume difícil de esguellar dende un pensamento minimamente rigoroso. Sen tratar de tomar partido polo momento, coído nembargantes necesario escoitar voces como as que vou transcribir a continuación: "As literaturas son só clasificables polo seu estilo, máis concretamente: polos resultados dunha análise estilístico-fenomenolóxica que preserve a individualidade de cada obra e, despois, a poña en liña na serie de estruturas semellantes baseándose nos esquemas ideais, literarios e formais de pensamento e expresión" (Janheinz Jahn: *Las Literaturas Neoafricanas*, Ed. Guadarrama, Punto Omega, Madrid, 1971, p. 24). Pola súa banda, Pires Laranjeira (no seu "Prefácio" á *Antología da poesía Pré-Angolana*, Ed. Afrontamento Porto, 1976) asume o pensamento de Jahn, aínda que recoñece a necesidade dun "idiolecto" do portugués africano que sirva de medio de expresión ás literaturas nacionais. Tamén Salvato Trigo, nun traballo titulado *Literatura colonial/Literaturas africanas*, do que xentilmente me proporcionou un orixinal mecanografiado, conclúe: "Entre a literatura colonial e as literaturas africanas a fronteira é ideolóxica, é ética e é estética, mas não é lingüística". Do mesmo xeito poderíamos aportar outros moitos textos que se pronuncian parellamente ós aquí

en fin, de esboza-las liñas dun posible achegamento á literatura galega que quizabes contribúa a fornecer a outras disciplinas de instrumentos esclarecedores dentro do seu quefacer investigador.

Para un tal axuste, cómpre dicir que o enfoque que eu quero darlle á poesía de Rosalía, Curros e Pondal ocorreuseme ó ler unha serie de ensaios sobre das literaturas daqueles países que, secularmente colonizados, atopáronse, de súpeto, coa necesidade de forxar unha estética que respondese ás debecidas situacións de liberación nacional e de descolonización cultural nas que se habían ver, máis cedo ou máis tarde, mergullados. Estes ensaios refírense, fundamentalmente, a países que sufriron a colonización das metrópoles europeas e que están ubicados, polo xeral, no denominado "terceiro mundo". Os seus autores teñen albiscado constantes temáticas, estilísticas, simbólicas, tonais, rítmicas, etc. que conforman un modelo explicativo de boa parte da literatura producida naqueles países e naquelas condicións. Máis adiante veremos qué constantes son esas e cómo podemos rastrexalas na literatura galega.

E lóxico que se pense que Galicia non responde exactamente ós modelos de colonización fixados polas ciencias sociais para os países situados no terceiro mundo, entendida esta expresión no seu alcance antonómico. Somos conscientes disto. Así, por exemplo: o afastamento da metrópole, a evidente diferenza racial, o isolamento xeográfico, etc., que definen ás clásicas colonias situadas en África, en Asia ou en América, non atopan para o caso de Galicia máis que difíciles axustamentos e forzadas acoplacións. E, nembargantes, a literatura galega amosa xestos semellantes ós dos países situados naquelas latitudes. E, non obstante, tamén subsisten en Galicia condicións terceiromundistas (certo que en zonas ben delimitadas, hoxe en día, pero moi xeralizadas ata non hai moitos anos). E, nembargantes, en fin, existe na historia moderna e contemporánea de Galicia un sentimento de país colonizado que, esporádica e intuitivamente manifestado dende o século XVIII, cando menos, pasou a ser argumento político principalísimo nos movementos nacionalistas modernos.

En efecto, aínda desaproveitando certos datos indirectos que nos ofrece a escasa literatura galega producida durante os denominados "séculos escuros" e que se refiren, por exemplo, ó fenómeno da sistemática galeguización do misterio da Natividade que amosan os vilancicos conservados; ou desaproveitando tamén a contraposición Galicia/España, que se detecta, por exemplo, no *Soneto con falda* que Juan Gómez Tonel escribiu para o libro das exequias en honra da raíña dona Margarida de Austria, en 1611. Aínda despreciando, repito, estes datos, que merecerían unha atención máis coidada, atopamos que o sentimento de marxinação e o complexo (ben xustificado) de país colonizado foi xa no século XVIII perfecta e maxistralmente exposto por autores como José Cornide Saavedra e Folgueira, cando, queixándose do desleixo

---

expostos. Polo tanto, coido que cómpre unha reflexión que sente criterios seguros e de validez universal, pois nos países nos que, como en Galicia, existen situacións lingüísticas conflictivas poidéranse dar casos dignos de consideración. Pénsese en casos como os de Valle-Inclán, Torrente Ballester, Cunqueiro etc.

que daquela sufría Galicia por parte do Estado, no tocante á modernización do sector industrial, deixou escrito:

No hai provincias en España que no tengan sus fábricas de algún género de paños; solo Galicia se ha contentado con las chapuceras fábricas de buriel tosquísimo... Los que ya hicieron callos en esta máxima diabólica (...) son los que más se han de oponer a todo cuanto de bueno y útil se propone en favor de Galicia, *porque quieren que Galicia sea país de Indias* (2).

Tamén en Sarmiento podemos rastrexar sentimentos semellantes (3), aínda que non atopemos ningún termo pertencente á familia léxica de "colonia". Pero non se pode negar que o concepto está claramente debuxado no texto de Cornide que acabamos de ler: esa alusión ás Indias equivale, na linguaxe da época, ó que hoxe entendemos por colonización.

Onde si atopamos xa o termo e o concepto, utilizados nun sentido próximo ó que hoxe en día se lle dá, é na *Proclama de la Junta Superior del Gobierno de Galicia*, redactado por Antolín Faraldo e impreso no xornal *La Revolución* o día 15 de abril de 1846. Alí, denúnciase claramente as relacións colonialistas que a corte madrileña mantiña con respecto a Galicia:

Galicia, arrastrando hasta aquí una existencia oprobiosa, convertida en una *verdadera colonia de la corte*, va a levantarse de su humillación y abatimiento. (A itálica é miña) (4).

Sería interesante rastrexar exemplos como os que aquí recolleemos para tratar de ve-lo degrao de arraigamento e a antigüidade que ten esta convicción e este sentimento de colonización. Non é necesario insistir nas veces que, deica hoxe, se utilizou o termo e o concepto para defini-lo estado de postración a que Galicia se viu sometida secularmente. Tampouco é obxectivo deste traballo o facelo.

Modernamente, téñense publicado ensaios decisivos sobre da realidade socio-económica de Galicia que fan fincapé no carácter de país subdesenrolado e terceiromundista que este país ten, ó xeito de o contemplaren como inscrito no ámbito do que R. Lafont (5) denominou *colonialismo interior*.

En efecto, se aplicamos a Galicia os factores que este autor dá como definitivos de tal xeito de colonialismo, é difícil non pensar na realidade galega ó traveso dos séculos. Así o viu, entre nós, Xosé Manuel Beiras, quen, no seu xa clásico ensaio *O atraso económico de Galicia* (6), deita reflexións que eu non podería nin sabería sequera parafrasear aquí.

Non é necesario insistir máis neste punto, porque dende hai moitos anos foi

(2) Citado por Xosé Ramón Barreiro Fernández, en *Historia Contemporánea de Galicia*, 3 vols., Ed. Gamma, A Coruña, 1982, II, 283.

(3) *Ibid.*, 281-283.

(4) *Ibid.*, 299.

(5) V. deste autor, por exemplo, *La revolución regionalista*, Barcelona, 1971.

(6) Ed. Galaxia, Vigo, 1972. Hai versión española, *El atraso económico de Galicia*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1982.

motivo de discusións e análises por parte de ben cualificados intelectuais galegos das máis distintas tendencias. Doutra banda, non podo, nin debo, nin quero entrar nun terreo no que cómpre dispoñer dun discurso só posible dende unha competencia histórico-económico-sociolóxica que eu non poseo. Simplemente quería poñer de manifesto que o emprego que eu fago da familia léxica pertencente ó termo *colonia* ven avalado de lonxe no tempo e por estudiosos de indiscutible cualificación.

Temos, xa que logo, certos caracteres en Galicia que a achegan ós países colonizados por antonomasia e a un terceiromundismo que, aínda que estea hoxe en vieiros claros de desaparición, era evidente nos tempos en que escribían Rosalía, Curros e Pondal. Temos, ademais, que o modelo clásico de colonialismo pode ser correxido e adaptado á realidade galega polo modelo que Lafont diseñou e acuñou co seu concepto de *colonialismo interior*.

Pois ben, son xa varios os observadores da realidade deses países colonizados que se fixaron no xeito peculiar de produciren eles a súa estética e, xa que logo, a súa literatura. Ó respecto, podemos recordar a Frantz Fanon, que é xa un clásico da cuestión; a Pires Laranjeira, atento observador, entre outras cousas, da poesía pre-angolana; mesmo a Jean Paul Sartre, autor do famoso prefacio (7) que encabeza á non menos famosa antoloxía da poesía negro-africana e malgache de Leopoldo Senghor, senegalés el; a Janheinz Jahn, autor de intelixentísimos estudos sobre as culturas neoafricanas; etc. Entre todos, poideron aillar algúns riscos que caracterizan ás literaturas destes pobos.

Pero dentro da bibliografía peninsular, coido que son moi pertinentes e proveitosos os ensaios que sobre deste tema escribiu Fernando Morán (8). El soubo dar algunhas claves e constantes para achegármonos ó problema. Dende logo non se trata de nada definitivamente organizado, pero si de algo verdadeiramente suxerente e, dende o meu punto de vista, cargado de posibilidades para estudos futuros.

Todo semella indicar que unha das constantes máis extendidas no tipo de literaturas que nos ocupan é a de se expresaren, nun primeiro estadio, fundamentalmente en rexistro lírico. E dicir, a prosa artística aparece nun nivel posterior que só se acadando se vai tomando conciencia de que cómpre utiliza-las mesmas armas literarias do colonizador (este nivel superior de modernización só se acadará en Galicia a partir, fundamentalmente, da fundación das Irmandades da Fala, 1916). Pois ben, xa neste primeiro punto non hai dúbida de que o Rexurdimento galego deuse sobre todo en clave lírica, e non porque os seus protagonistas non soubesen manexar outro rexistro. Os exemplos de Rosalía, Curros e Pondal abundan: cando Rosalía afronta a escritura dunha obra narrativa, faino, polo común, en castelán; a Curros nin sequera se lle pasou pola cabeza, ó que semella, utiliza-lo galego para obras en prosa, aínda que escribiu abondo dela, tamén, en castelán; e algo semellante poderíamos dicir de Pondal.

Jean Paul Sartre vía neste detalle unha especie de afirmación do propio, como unha viaxe ó fondo da persoa na procura da identidade:

(7) "Orphée noir", reproducido en *Situation II*, Ed. Gallimard, 1949.

(8) V., por exemplo, *Novela y semidesarrollo*, Ed. Taurus, Madrid, 1971.

... en chantant ses colères, ses regrets ou ses détestations, en exhibant ses plaies, sa vie déchirée entre la "civilisation" et le vieux fond noir, bref *c'est en se montrant le plus lyrique que le poète noir atteint le plus sûrement à la grande poésie collective*: en ne parlant que de soi il parle pour tout les nègres. (As itálicas son miñas) (9).

Sartre refírese, naturalmente, á poesía neoafricana. Pero se trasladamos punto por punto o que di para llo aplicar á literatura galega do rexurdimento (e aínda doutras etapas posteriores: pensemos en Celso Emilio) quizabes non habería moito que sobrase. Rosalía, cando menos, axústase moi ben a este patrón, no que tivo de poeta intimista e da colectividade, a un mesmo tempo. Curros e Ponal axústanse mellor a outras compoñentes da literatura de descolonización. ¿Non é o de Rosalía un berro esgazado e tráxico á procura dunha identidade non só persoal senón colectiva?

Outro elemento propio destas literaturas, e dentro dese rexistro lírico que acabamos de apuntar: parece ser que o modo imperativo ten unha certa predominancia. Xunto con el, a palabra comprometida e acusadora. Ó respecto, a pouco que leamos a Curros e a Ponal, temos de notar axiña que tamén eles asisten con este rasgo, dende a súa obra, a conformar unha literatura de liberación colectiva. Non coido que faga falla poñer exemplos: todo Ponal é unha arenga dirixida ó pobo galego (por máis elitista que sexa a súa ideoloxía e por máis inaccesible e dificultosa que sexa a súa poesía para a comprensión por parte do "pobo"). Polo mesmo, Curros diríxese ós "mociños honrados" apurrándoos a facer montería contra os lobos da terra (caciques) e dos ceos (cregos); ou arenga ós labregos para se dispoñer á seitura das cadeas que coutan a liberdade; ou ordena ós vates que, chegado o caso, creben as súas liras nas cabezas da tiranía. Rosalía, máis recollida ela, que non menos indignada, limítase, as máis das veces, a expresar, en versos cheos de solidariedade cos que sofren, a xenreira da inxusticia, que ela cifra no desamparo dos pobres, ou no esgazamento tráxico da emigración, na soedade e penuria das viúdas dos vivos e mais dos mortos. Todo o cal non quere dicir que non se amosase imperativa por veces.

E lóxico que, no plano do contido, a esta actitude optativa acompañe unha valoración do propio, fronte á cultura do colonizador. A isto teremos que volver máis adiante. Pero tamén este rasgo é rexistrable nos nosos poetas. Pensemos en Curros, sobrevalorando de tal xeito a lingua galega que quixera convertela na lingua universal do futuro, ou invitando a ler ós poetas e escritores galegos fronte ás troulas dos casteláns, representados polo que supuxo no seu momento o libro popularmente coñecido como o *Ciprianillo*. Pensemos nas declaracións de Rosalía sobre da beleza de Galicia, da súa paisaxe, das súas xentes, da súa lingua. Todo isto supón un esforzo por amosar enfáticamente os valores do pobo ó que se pertence. En definitiva, é a afirmación do propio, unha loita para arrigar complexos de inferioridade e prexuícios inducidos secularmente ó pobo galego polo centralismo castelán.

Outro dos rasgos definidores das literaturas de descolonización, e que está na mesma liña da anterior, é a creación que mediante elas se fai de *mitos compensadores*

(9) Loc. cit., pp. 242-243.

da indixencia cultural propia. Velaquí un eixo sobre do que poidera virar toda unha discusión nova. O certo é que calquera pobo que trate de liberarse ten que, ou ben reconstruí-la súa propia Historia, ou inventarse unha nova que lle sirva para se dotar a si mesmo dun pasado que forzosamente ten que ser glorioso. Dos tres escritores que hoxe nos serven de pretexto, non hai dúbida que foi Pondal o que se axustou de cheo ó modelo. Ninguén mellor que el soubo dignifica-lo pasado do home galego, ó través do mito céltico. Non coido necesario insistir sobre deste punto porque non outra semella se-la razón de Pondal para se adicar á poesía en galego, se salvamos, ademais, a súa intención, exemplarmente practicada, de dignifica-la lingua e facer dela un verdadeiro vehículo de cultura. E máis, practicamente todo o que un pode lembrar con máis intensidade da poesía pondaliana son precisamente os versos nos que o mito celta estoura baril nunha arenga que non por inútil deixou de espetarse fondamente nas xeracións que o sucederon. Mitos compensadores: iso é o que pretendeu crear Pondal, axudado por unha historiografía románticamente desenfocada e asumindo intuitivamente un dos elementos fundamentais de toda literatura de descolonización. Con estes mitos, neste tipo de literatura, afírmase a personalidade diferenciada e valórase o estadio autóctono anterior ó momento da colonización. Cómpre ter en conta que, dende o punto de vista do colonizador, o colonizado é un ser sen Historia. Segundo esta perspectiva, o estadio a-histórico, o estadio considerado como de pura natureza, só sería superado no momento de se enceta-lo proceso colonizador (10). Por iso, o colonizado ten que demostrar para a súa liberación un pasado precolonial glorioso e de cultura propia digno de ser respetado. Unha ollada xeral á literatura galega poñeríanos nas mans bastantes exemplos desta actitude.

Aínda se rexistraron algúns rasgos máis que serven para defini-las manifestacións literarias destes pobos (11). Pero non quería ser exhaustivo. Como dixen antes, só quería comenza-la decrúa dun posible novo achegamento á Literatura galega.

Agora, réstanos por resolver, ou, mellor dito, prantexar un problema que máis arriba deixei suxerido. Vexamos. Para Fernando Morán, os países infradesenrolados ou subdesenrolados do Terceiro Mundo posúen unha diferenza fundamental con respecto ós países infradesenrolados do vello mundo (é dicir, ós que poden axustarse, penso eu, ó modelo de *colonialismo interior* proposto por Lafont). Esa diferenza consiste en que mentres aqueles teñen que demostrar que efectivamente posúen unha cultura autóctona, estes vense recoñecidos internacionalmente no plano cultural e as reivindicacións neste terreno non irían máis alá dun biculturalismo que, doutra banda, desaparecería axiña de desaparece-lo subdesenrolo. Son moi graves as palabras

---

(10) O mito de Próspero e Calibán que Shakespeare glosa en *The Tempest*, ilustra moi ben esa crencia do colonizador. Precisamente foi utilizado por O. Mannoni e George Lamming para explica-las relacións mutuas dunha sociedade onde existe o colonialismo. E Jahn (*op. cit.*, pp. 282-285) retómao, así mesmo, para as súas argumentacións en prol das literaturas africanas.

(11) Así, por exemplo, o que se deu en chamar "retorno ás fontes" tan doado de detectar en moita da literatura galega. Ou, así mesmo, a "saúde da infancia", que en Galicia poderíamos dicir que constitúe xa cáseque un subxénero literario; ou o aproveitamento dos ritmos populares na poesía, etc.

de Morán porque, a pouco que nos fixemos, tenden a crer nun inevitable uniformismo imposto polos países máis poderosos e que faría desaparecer as culturas de moitos pobos secularmente diferenciados, precisamente, pola súa cultura. Tal, por exemplo, o caso galego. Ei-lo problema. Morán publicou as máis destas ideas no ano 1971. Van alá, xa que logo, quince anos, dos que dez son substancialmente diferentes, polo que interesa ó futuro das culturas periféricas españolas, dos outros cinco. Se camiñamos cara a unha Europa máis racional e respetuosa das culturas minoritarias, cara a esa Europa que se deu en chama-la *Europa dos pobos*, ¿é posible que teña razón o autor de *Novela y semidesarrollo*? ¿Será esa a convicción e a esperanza das mentes que gobernan no estado español? (12) Moi grave.

---

(12) Non esquezamos que Fernando Morán (e falamos dun dos políticos actuais que, sinceramente, nos parecen máis respetables) foi ata hai ben pouco ministro de exteriores do gabinete socialista.